

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA
FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE**

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 9 DE XULLO DE 2019

Apróbbase por asentimento¹:

- (i) As actas das últimas reunións ordinaria e extraordinaria da Comisión.
- (ii) O listaxe provisional de alumnas/os admitidas/os, suplentes e excluídas/os no Máster Universitario da Avogacía para o curso 2019/2020, e a delegación na coordinación da elevación a definitiva da devandita listaxe.
- (iii) As guías docentes do Máster universitario en Avogacía para o curso 2019/2020.
- (iv) O calendario de actividades docentes e de avaliación do Máster universitario en Avogacía para o curso 2019/2020 e a delegación na coordinadora académica da aprobación das posibles modificacións e correccións.
- (v) Os horarios do Máster universitario en Avogacía para o curso 2019/2020 e a delegación na coordinadora académica a aprobación das posibles modificacións e correccións.
- (vi) O calendario de exames do Máster universitario en avogacía para o curso 2019/2020.
- (vii) A Xornada de Acollida do Máster universitario en Avogacía para o curso 2019/2020, no día 19/09/2019.
- (viii) Adoptar as seguintes resolucións en relación cos Traballos de fin de Máster:
 - a. Fixar o día 16 de setembro como prazo de remate para a presentación do Anexo I (propostas temáticas) dos Traballos de fin de Máster para o curso 2019/2020.
 - b. Nomear, tras o sorteo dos membros do tribunal avaliador, o seguinte tribunal avaliador do TFM para o curso académico 2015-2017:

Tribunal titular:

 - 1. Presidenta: Prof.^a Dra. Marta Fernández Prieto -sector docentes con vinculación permanente á Universidade de Vigo con docencia no Máster-.
 - 2. Vogal: D^a Mónica Víctor Fortes -sector avogados/as con docencia no Máster-.
 - 3. Secretaria: Profa. Dra. M^a Dolores Fernández Fustes -sector docentes con vinculación permanente á Universidade de Vigo con docencia no Máster-.

Suplentes:

Suplentes das profesoras: profs. Drs. Manuel A. Crespo Pérez e Roberto Couto Calviño

Suplente da letrada: Letrado D. David de León Rey.
 - c. Como máximo máximo un TFM para cada docente (académico o profesional).
 - d. No caso de que haxa máis dunha solicitude por docente, poderase seleccionar en función do expediente académico dos solicitantes.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría da Comisión Académica do Máster (despacho núm.4-1, 3º andar).

(ix) A incorporación na docencia da letrada D^a María José Alonso Salgado en substitución da Letrada D^a Fátima Salgado Carbajales.

(x) O Plan de Prácticas e o cronograma da materia Prácticas Externas do primeiro cuatrimestre do curso académico 2019/2020, a designación de titores académicos e delegación da resolución provisional e definitiva de asignación dos despachos ao alumnado da materia Prácticas Externas Básicas no coordinador profesional.

(xi) A delegación na coordinación académica e profesional do Máster da aprobación provisional e definitiva das propostas temáticas dos TFM

Ourense, 9 de xullo de 2019

O SECRETARIO DA COMISIÓN ACADÉMICA

Máster universitario en Avogacía
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo



Roberto O. Bustillo Bolado

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.